

**DESENVOLVEMENTO DO 3º TRIMESTRE.  
INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS.  
EDUCACIÓN INFANTIL.**

Unha vez recibidas instrucións definitivas por parte da Consellería de Educación para o desenvolvemento do terceiro trimestre nos centros educativos, procedemos a informar ás familias do seguintes puntos:

- O traballo do terceiro trimestre estará enfocado principalmente ao **repaso, reforzo e recuperación** dos contidos e competencias traballadas antes da suspensión das clases presenciais.
- O profesorado dispón da primeira quincena de maio para **adaptar as súas programacións**. Unha vez revisadas e adaptadas serán **publicadas** polo centro a través da súa **páxina web** para información de toda a comunidade educativa.
- Para a **avaliación** na etapa de Ed. Infantil teranse en conta, principalmente, os dous primeiros trimestres. Non obstante, é **necesario** que durante o terceiro trimestre se manteña unha **comunicación constante e fluída** co profesorado e se sigan as súas suxestións para manter o vínculo do alumnado co ámbito escolar.
- **Non será necesario o envío de tarefas** xa que o seguimento das actividades será un aspecto máis dentro da comunicación coas familias.
- Pedimos **colaboración e responsabilidade** ás familias con respecto ás propostas de tarefas dos seus fillos e fillas. Calquera **dificultade** para poder recibir as actividades por parte do profesorado **deberá ser comunicada** na dirección do centro a través dos canles establecidos para iso.
- As familias velarán porque o alumnado estea en **contacto continuo co centro**, e estarán pendentes, coa maior frecuencia posible, das ferramentas e plataformas que estamos utilizando para o envío de tarefas (Abalar, páxina web, blogs das distintas aulas e áreas, etc...)